

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Aprobación texto refundido do Regulamento do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Ames.*

**Aprobación texto refundido do Regulamento do Fondo de Acción Social (FAS) do Concello de Ames.**

En sesión plenaria do 29 de novembro de 2018 prestouse aprobación ó texto refundido do Fondo de Acción Social do Concello de Ames , cuxo texto figura como anexo I, o que se fai publico para xeral coñecemento.

**Anexo I**

#### **TEXTO REFUNDIDO DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL**

Texto refundido aprobado en sesión plenaria do 29 de novembro de 2018 que comprende a redacción inicial (BOP nº 265 de 17 de novembro de 2008) e a 1ª modificación puntual (BOP nº113 de 15 de xuño de 2018)

#### **CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS**

##### **Artigo 1. Concepto de Acción Social**

Por Acción social enténdese o conxunto de medidas que o Concello disporá para promover e mellorar o nivel de benestar social do seu persoal.

Con esta finalidade, o Concello dotará anualmente no seu orzamento unha partida ou fondo para o financiamento de gastos de natureza social do seu persoal.

##### **Artigo 2. Obxecto**

O presente regulamento recolle e regula as prestacións de Acción Social a favor do persoal ao servizo do Concello de Ames, así como os procedementos de solicitude, tramitación e concesión das diferentes axudas que nel se recollen.

##### **Artigo 3. Ámbito de aplicación persoal**

Este regulamento será de aplicación ao persoal que preste servizos no Concello de Ames en réxime de contratación laboral ou funcionarial.

##### **Artigo 4. Requisitos esixibles ás persoas beneficiarias**

**A)** Para ter dereito ás prestacións que se estipulan no presente regulamento deberán concorrer, con carácter xeral, os seguintes requisitos:

1.Ser persoal funcionario, persoal laboral fixo, ou persoal laboral temporal ou funcionario interino tanto na data de presentación de solicitudes como como no momento de efectuar o gasto que pretende ser subvencionado.

2.Reunir os requisitos esixidos nas normas específicas aplicables a cada modalidade de axuda.

3.Os sinalados na regulación da lexislación de subvencións na que se establecen as condicións que deben reunir os/as perceptores/as de achegas públicas.

**B)** Tamén poderán optar a estas axudas:

1.Os membros da unidade familiar das persoas beneficiarias, a non ser que os requisitos esixidos nas normas específicas aplicables a 2.cada modalidade de axuda indiquen outra cousa.

3.O persoal que obtivese a xubilación ou que fose declarado en situación de invalidez absoluta ou gran invalidez, así como os membros da súa unidade familiar, durante o período ao que se estenda a convocatoria do ano no que se produciron tales situacións.

4.Os herdeiros e herdeiras legais do persoal que falecese en servizo activo, durante o período ao que se estenda a convocatoria do ano no que se produciu o pasamento.

**C)** Para os efectos de percibir estas axudas con cargo ao Fondo social do Concello de Ames, entenderase por **unidade familiar**:

1. A integrada polos cónxuxes ou polos membros dunha unión de feito e, se os houbese, os fillos que convivan no domicilio familiar e sexan menores de idade, ou que tendo a maioría de idade acrediten que non perciben ingresos e que conviven no domicilio familiar, ou padezan algunha minusvalía igual ou superior ao 33%. Así mesmo, tamén terán a consideración de integrantes da unidade familiar os/as ascendentes, sempre e cando residan no domicilio familiar da persoa beneficiaria e acrediten ter ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional.

2. Nos casos de nulidade, divorcio ou separación xudicial, considerarase como unidade familiar a formada pola persoa beneficiaria e os/as fillos/as que estean ao seu cargo, sempre que sexan menores de idade e non estean emancipados, ou que, sendo maiores de idade, reúnan os requisitos estipulados no apartado anterior.

3. A constituída polas persoas proxenitoras e os fillos e fillas que reúnan os requisitos anteriormente aludidos.

D) Para a acreditación da condición de membro da unidade familiar, nos casos reflectidos nos apartados anteriores, deberán seguirse os seguintes criterios:

- As parellas de feito deberán achegar certificación emitida polo Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, acta notarial, certificación expedida polo Concello correspondente ou calquera outro documento que amose tal condición e que a comisión considere como válido.

- A convivencia e a dependencia económica aceptarase mediante a presentación do Libro de Familia se os fillos son menores de idade e comúns a ambos os membros da familia. En caso de que sexan maiores de idade deberá acreditarse a presunta convivencia e dependencia económica.

- Cando nunha unidade familiar os fillos ou fillas sexan exclusivamente do/a integrante do matrimonio ou parella de feito que non preste servizos no Concello de Ames, deberase acreditar a convivencia e a dependencia económica dos fillos ou fillas respecto do/a empregado/a público/a.

- Para a acreditación da dependencia económica dos membros da unidade familiar maiores de idade polos que se solicita a axuda, poderanse presentar como xustificante a declaración do IRPF dos membros polos que se solicita a axuda, un certificado do INEM no que conste, en caso de existir, o desemprego do familiar, un certificado de afiliación á Seguridade Social que acredite á dependencia ou calquera outro medio probatorio desta situación.

E) No suposto de que ambos os proxenitores sexan empregados do Concello, só poderá causar dereito a favor dos fillos/as, o/a que os teña oficialmente ao seu cargo.

F) En ningún caso poderá ser persoas beneficiario destas axudas o persoal que teña subscritos co Concello contratos de servizos, encadrados dentro da Lei 30/07 de contratos do sector público.

#### **Artigo 5. Convocatoria**

O prazo para presentar a solicitude de axudas con cargo ao Fondo de acción social será do 1 ao 30 de novembro de cada ano. Neste prazo solicitaranse as axudas correspondentes aos gastos subvencionables efectuados no período comprendido entre o 1 de novembro do ano anterior e o 31 de outubro do ano en curso.

As solicitudes realizaranse no modelo normalizado, a disposición das persoas interesadas no Servizo de RRHH, e poderanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ames así como nos demais lugares e formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no regulamento, o Servizo de RRHH requiriralle á persoa interesada, na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase desistida a súa petición, despois de ditada a resolución para tal efecto.

O Servizo de RRHH deberá informar da documentación que se terá que achegar para cada tipo de solicitude de axuda, conforme aos criterios establecidos no presente regulamento.

Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

#### **Artigo 6. Tramitación**

A tramitación administrativa ordinaria e a proposta de aprobación inicial de concesión de axudas realizaraa o Servizo de RRHH; esta proposta será elevada a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva, previo informe emitido pola Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación.

En calquera momento do proceso de tramitación, a Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación poderá comprobar a veracidade dos datos achegados polas persoas solicitantes, cando estes non fosen acreditados debidamente; respectando os preceptos establecidos na lexislación de protección de datos de carácter persoal.

## Artigo 7. Resolución

A concesión final das axudas corresponderá á Xunta de Goberno local. A Xunta de Goberno deberá resolvelas nun prazo máximo de tres meses dende o remate do período de solicitude formalmente establecido. A resolución final basearase no informe que emita ao respecto a Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación e nos demais informes preceptivos.

En caso de detectárense erros na concesión das axudas, por causas non imputables ás persoas beneficiarias, deberán reintegrarse as cantidades percibidas indebidamente, sen que proceda tomar medidas sancionadoras na súa contra. A devolución farase nun prazo máximo de quince días, e o receptor ou receptora das axudas indebidas poderá optar por unha das seguintes posibilidades:

- Reintegro das cantidades percibidas nun único pagamento
- Descontar na nómina mensual unha porcentaxe das súa retribucións, con cargo á devolución da axuda indebidamente percibida, ata liquidar o total da débeda.

Se fosen concedidas axudas indebidamente, como consecuencia dun falseamento de datos ou mala fe por parte da persoa beneficiaria, poderanse aplicar as medidas sancionadoras oportunas, á marxe da obrigatoriedade de reintegrar a cantidade percibida nun prazo máximo de 15 días hábiles. Se, rematado dito período, non se reintegrasen as contías recibidas indebidamente, poderase practicar un desconto na nómina mensual da persoa beneficiaria, dunha contía non inferior a 30% das retribucións brutas, ata ter saldada a débeda; isto sen menoscabo dos conceptos e tramos inembargables establecidos na Lei de axuizamento civil.

Na concesión destas achegas será de aplicación o réxime de infraccións e sancións regulado na lexislación de subvencións, con independencia de calquera outra medida que se puidese decidir e estivese dentro da normativa aplicable para tales efectos. As medidas sancionadoras aplicables a cada caso decidiraas a Alcaldía, previa consulta coa Comisión Paritaria de Seguimento.

A denegación das axudas deberá ser motivada.

## Artigo 8. Interpretación e modificación do regulamento

Todas as dificultades e dúbidas que puideran xurdir á hora da aplicación do estipulado neste regulamento deberá resolvelas a Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación.

Cando se pretenda introducir calquera modificación ou cambio no regulamento, estes deberán ser debidamente supervisados e autorizados pola Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación, sen que isto implique a alteración dos principios básicos sobre os que se basea dito o texto.

## Artigo 9. Pagamento das axudas

O pagamento das axudas concedidas deberá realizarse mediante unha orde de pagamento por parte do Concello. Dende a resolución das axudas ata a data da orde de pagamento non deberán transcorrer máis de trinta días.

## CAPÍTULO II: DISTRIBUCIÓN E CONTIDO XERAL DAS AXUDAS

### Artigo 10. Contía total das axudas sociais

A) O Concello de Ames dotará anualmente no seu orzamento unha partida ou fondo para o financiamento de gastos de natureza social do seu persoal. A contía exacta desta dotación será a establecida mediante a negociación colectiva.

B) Quedarán excluídas da contía anterior as cantidades necesarias para atender as axudas por anticipos.

C) As axudas non poderán exceder nunca o importe dos gastos imputables aos feitos ou continxencias que dan dereito á percepción das subvencións.

D) Os feitos e continxencias obxecto de axudas sociais, e, polo tanto, os gastos ocasionados deberan referirse exclusivamente ao período económico de cobertura de axudas. Este período será o comprendido entre o 1 de novembro do ano anterior ao que se realiza a petición e o 31 de outubro do ano en curso. Se durante o prazo de solicitude non se demandasen as prestacións correspondentes ao período citado anteriormente, perderán o seu dereito a facelo, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.

### Artigo 11. Tipos de axudas

A) As axudas de carácter social do presente regulamento vincularanse aos seguintes conceptos:

1. Axudas para gastos derivados da condición de discapacidade física, psíquica ou sensorial e persoas en situación de dependencia
2. Axudas para caso de falecemento
3. Axudas para tratamentos sanitarios non contemplados na sanidade pública

4. Axudas para gastos de escolas infantís
5. Axudas para compra de primeira vivenda
6. Axudas para estudos oficiais.

B) Calquera nova modalidade de axuda que se queira incorporar deberá ser obxecto de acordo na Comisión de Seguimento e Interpretación do Fondo de Acción Social, e implicará unha modificación do regulamento sen prexuízo do disposto na Disposición adicional terceira.

C) As axudas sociais destinadas aos conceptos recollidos neste artigo quedarán sometidas ás lexislacións fiscal e sobre subvencións vixentes.

#### **Artigo 12.- Distribución da partida de Melloras Sociais**

Previamente á tramitación de calquera outro tipo de subvención, resolveranse as solicitudes correspondentes ás subvención por fillos, cónxuxe ou persoa a cargo do/a beneficiario/a con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou persoas en situación de dependencia e as axudas para tratamentos sanitarios non contemplados na sanidade pública. Estas solicitudes terán a consideración de preferentes. En calquera caso, as contías destinadas a estes conceptos serán aboadas na súa integridade ata o límite do total asignado para o conxunto da acción social establecido para cada exercicio. As cantidades sobrantes serán transferibles aos restantes conceptos especificados no presente regulamento.

O sobranse da partida presupostaria destinada ao fondo de acción social, unha vez descontada a cantidade destinada ao grupo preferente, repartirase entre os conceptos subvencionables nas seguintes porcentaxes iniciais:

- a) 3% para axudas para falecemento
- b) 20% para subvencións de escolas infantís
- c) 43% para subvencións por estudos
- d) 34% para subvención por compra de vivenda.

As cantidades resultantes operaran como “límite de referencia” para cada concepto, a consumir no exercicio de que se trate, e poderán ser modificadas para cada exercicio presupostario se o estímase conveniente a Comisión de Seguimento e Interpretación, en función dos resultados de exercicios anteriores.

As posibles cantidades que puideran resultar sobrantes de calquera dos conceptos no exercicio presupostario conformarán un “fondo común” dentro da partida económica. Este fondo común destinarase a completar as cantidades correspondentes a outros conceptos que resultasen escasas, e será redistribuído pola Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento de Acción Social de acordo coas seguintes porcentaxes:

- a) 10% para axudas para falecemento
- b) 45% para subvencións de escolas infantís
- c) 35% para subvencións por estudos
- d) 10% para subvención por compra de vivenda

### **CAPÍTULO III. REGULACIÓN ESPECÍFICA DAS DIFERENTES MODALIDADES DE AXUDAS SOCIAIS**

#### **SECCIÓN 1ª**

#### **AXUDAS PARA GASTOS DERIVADOS DA CONDICIÓ DE DISCAPACIDADE FÍSICA, PSÍQUICA OU SENSORIAL E PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA**

##### **Artigo 13. Concepto e contido**

1.O Concello dotará unha partida económica co fin de axudar ao persoal cun cónxuxe/parella, fillos ou persoa ao seu cargo que padeza unha discapacidade física, psíquica ou sensorial, unha situación de dependencia, ou ao persoal que sufra el mesmos este tipo de discapacidade.

2.Con este tipo de axudas subvencionarase os seguintes conceptos:

a. Axudas para gastos de rehabilitación, estimulación precoz, recuperación funcional (psicomotricidade, logopedia, fisioterapia, etc) e tratamento psicoterapéutico. Neste caso, os/as potenciais beneficiarios/as deberás estar afectados por un grao de minusvalía igual ou superior a o 33%, recoñecido polo órgano competente.

b. Axudas para transporte e gastos de asistencia especializada, destinadas a persoas que necesiten asistencia domiciliaria ou en centros especializados.

c. Axudas para facilitar a mobilidade e comunicación, destinadas á adquisición e renovación de próteses e demais aparellos ortopédicos, incluídas as cadeiras de rodas e a adaptación de vehículos.

d. Axudas para a eliminación de barreiras arquitectónicas e para a adaptación de vivenda. Serán subvencionables unicamente os gastos estritamente imprescindibles para tales adaptacións.

#### **Artigo 14. Requisitos que deben cumprir as persoas beneficiarias**

Para poder optar a estas axudas deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- A condición de minusvalía alegada (ben polo/a propio/a solicitante, ou ben respecto dunha persoa ao cargo) deberá ser acreditada:

-Mediante recoñecemento oficial da discapacidade por parte do organismo competente no momento da solicitude.

-Cun informe médico, debidamente formalizado, no cal se especifique a necesidade dun tratamento e/ou atención especializados, permanentes e continuados.

- As persoas sobre as que se alegue a necesidade destas axudas, non poderán percibir, en virtude da súa minusvalía, renda ningunha por riba do salario mínimo interprofesional; requisito que será acreditado mediante certificado da Axencia Tributaria.

En caso de que a solicitude se basee na existencia de persoas con minusvalía ao cargo, estas deberán estar relacionadas co/coa petionario/a ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou mediante outra situación das estipuladas no artigo 4.C. do presente regulamento.

#### **Artigo 15. Contía das axudas**

A contía que se poderá percibir por este concepto será do 50% do custo total, co límite de 1.500 euros por unidade familiar.

### **SECCIÓN 2ª**

#### **AXUDAS PARA CASO DE FALECIMENTO**

##### **Artigo 16. Concepto e contido**

Esta modalidade de axuda ten por obxecto o pagamento dunha contía económica aos herdeiros ou herdeiras legais do persoal en activo do Concello de Ames, por causa do falecemento deste.

##### **Artigo 17. Persoas beneficiarias**

Salvo designación expresa, legalmente recoñecida, as axudas percibidas pola morte do/a empregado/a municipal irán destinadas aos seus herdeiros ou herdeiras legais, na orde establecida polo Código Civil.

##### **Artigo 18. Tramitación**

1. Para recoñecer o dereito a percibir estas axudas, serán aplicables os requisitos especificados no artigo 4.A e 4.B.

2. Para os efectos de definir as persoas beneficiarias desta axuda, en caso de ser procedente a xustificación de pertenza á unidade familiar, serán de aplicación os criterios do artigo 4.C e 4.D.

##### **Artigo 19. Contías das axudas**

A contía desta axuda será dun importe total de 1.000 €. No caso de que a contía do Fondo de Acción Social reservada para este concepto non abonde para atender todas as solicitudes, esa contía repartirase entre as demandas existentes en función do tempo de servizos prestados por parte do traballador ou traballadora no Concello de Ames.

### **SECCIÓN 3ª**

#### **AXUDAS PARA TRATAMENTOS SANITARIOS NON CONTEMPLADOS NA SANIDADE PÚBLICA**

##### **APARTADO 1º. AXUDAS PARA TRATAMENTOS MÉDICOS ESPECIAIS**

##### **Artigo 20. Concepto e Contido**

De maneira excepcional, previo estudo do caso concreto por parte da Comisión de Seguimento e **só para o persoal en activo** do Concello de Ames, poderanse conceder axudas destinadas a terapias psicolóxicas ou psiquiátricas, tratamentos médicos e intervencións cirúrxicas especiais e procedementos de rehabilitación ou análogos.

##### **Artigo 21. Persoas beneficiarias**

Só poderá ser beneficiario destas axudas o persoal en activo do Concello de Ames. Quedan excluídos os membros da unidade familiar.

##### **Artigo 22. Contía das axudas**

50% do custo total, cun límite anual de 1.000 € por persoa solicitante.

## APARTADO 2º. AXUDAS PARA PRÓTESES, ÓRTESES E SIMILARES

### Artigo 23. Concepto e contido

O Concello poderá conceder axudas sanitarias con cargo aos seguintes conceptos:

- Próteses dentais, incluíndo os seguintes conceptos:
  - Dentadura completa (substitutiva de dentadura natural)
  - Pezas dentarias (implantes)
  - Empastes
  - Endodoncias
  - Tratamentos de ortodoncia
  - Limpeza dental
- Próteses de visión:
  - Lentes
  - Substitución de cristais
  - Lentes de contacto
- Outras:
  - Próteses auditivas
  - Aparellos de fonación
  - Cadeiras de rodas ou similares
  - Soletas ortopédicas
  - Tratamento calista

### Artigo 24. Contía das axudas

- \* Próteses dentarias 50% do custo total
- \* Próteses de visión 50% do custo total
- \* Outras 100% do custo total.

Establécese un límite anual de 180 € por persoa e de 360 € por unidade familiar para cada un dos conceptos anteriores.

As presentes axudas non serán de aplicación se o/a empregado/a municipal xa tivese cubertas, tanto para el/ela como para a súa unidade familiar, con calquera entidade privada ou mutualidade, as continxencias que neste apartado se regulan.

### Artigo 25. Criterios de tramitación aplicables a todas as axudas de carácter sanitario

Para poder recibir as axudas con cargo a gastos de tratamentos médicos especiais e aparellos protésicos varios deberá achegarse, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Documento ou parte facultativo que acredite a continxencia ou circunstancia alegada como causa posible de subvención.
- Factura orixinal que acredite o gasto realizado e que se desexa cubrir coas axudas do Concello.
- En caso de que a solicitude teña como beneficiarios/as outras persoas da unidade familiar ou dependentes economicamente, serán de aplicación os requisitos especificados no artigo 4.D. do presente regulamento.
- Deberá presentarse declaración xurada, ou documento acreditativo de que, o/a posible beneficiario/a da axuda, non ten cuberta, mediante calquera entidade ou mutualidade privada, as continxencias sanitarias obxecto de subvención.

## SECCIÓN 4ª

### AXUDAS PARA GASTOS DE ESCOLAS INFANTÍS

#### Artigo 26. Concepto e contido

O Concello subvencionará os gastos derivados da estancia en escolas infantís de primeiro ciclo dos fillos ou fillas e dos orfos/as do persoal municipal, en caso de que estas non sexan gratuítas, así como todos aqueles servizos complementarios que teñan como finalidade a conciliación da vida familiar e laboral.

### Artigo 27. Requisitos específicos para obtención destas axudas

1. En caso de que, existindo a posibilidade de asistencia a unha escola infantil pública, dentro do territorio municipal de residencia do/a empregado/a público/a, o traballador ou traballadora optase por unha escola infantil privada, estes gastos non serán asumidos polo Concello, salvo que se xustifique debidamente este feito.

### Artigo 28. Tramitación

1. A solicitude destas axudas realizarase no mes de novembro, e canda ela achegarse o correspondente resguardo de matrícula. Neste resguardo deben figurar de maneira clara os importes satisfeitos ao longo de todo o ano en concepto de escola infantil.

2. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, unha serie de documentos:

- Fotocopia compulsada do Libro de Familia
- Facturas compulsadas do pagamento de escola infantil

### Artigo 29. Contía das axudas

A subvención por escolas infantís de primeiro grao consistirá inicialmente no pagamento do gasto realizado durante o período comprendido entre o 1 de novembro do ano anterior á petición ao 31 de outubro do ano en curso, ata un límite de 50 € ao mes e 500 € ao ano por cada fillo/a para o que se solicite a axuda.

## SECCIÓN 5ª

### AXUDAS POR ADQUISICIÓN DE VIVENDA HABITUAL

#### Artigo 30. Concepto e contido

O obxecto destas axudas é subvencionarlle, por unha soa vez, ao persoal do Concello, os gastos de financiamento para a compra ou promoción da construción da vivenda habitual.

#### Artigo 31. Requisitos específicos das persoas beneficiarias destas axudas

1. Ser persoal funcionario, persoal laboral fixo, ou ser persoal laboral temporal ou funcionario interino.
2. A persoa solicitante deberá ser propietaria da vivenda adquirida mediante compra ou promoción propia, e non ter sido beneficiaria da cantidade tope subvencionable por esta axuda.
3. A percepción deste tipo de axuda é un dereito de tipo persoal, polo tanto, é posible que, con respecto a unha mesma vivenda, haxa varios empregados ou empregadas perceptores desta subvención.

#### Artigo 32. Tramitación

Xunto co impreso de solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopias compulsadas das escrituras de compravenda da vivenda ou de declaración de obra nova terminada e do préstamo hipotecario. Esta documentación achegarase unicamente para a solicitude da primeira anualidade.
- Certificado padronal vixente relativo ao/a beneficiario/a e á vivenda, e fotocopia compulsada do exemplar para a persoa interesada selado da primeira páxina da última declaración do IRPF. Esta documentación achegarase á solicitude de todas as anualidades. Na primeira anualidade, no caso de non reflectirse o dito domicilio na declaración do IRPF, achegarase o impreso 030 da Axencia Tributaria selado coa súa comunicación.

#### Artigo 33. Contía das axudas

A subvención consistirá nunha cantidade total de 2000 euros, cantidade que se percibirá nas anualidades necesarias, cun tope anual de 500 euros. No caso de relacións contractuais non fixas, a contía da axuda será proporcional ao tempo de duración do contrato no ano.

## SECCIÓN 6ª

### AXUDAS PARA ESTUDOS OFICIAIS

#### Artigo 34. Concepto e contido

O Concello subvencionará os gastos derivados dos estudos en centros públicos e concertados, ou, en caso de non existir oferta educativa, e a decisión da Comisión Paritaria de Interpretación e Seguimento, en centros privados, que realice o persoal ao seu servizo e os seus cónxuxes/convivintes ou fillos/as menores de 25 anos que dependan economicamente del, nos niveis de educación infantil de segundo ciclo, educación primaria, educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato, FP específica de grao medio, FP específica de grao superior, escolas oficiais de idiomas (EOI) ou universidade.

**Artigo 35. Persoas beneficiarias**

Poderán optar a estas axudas as persoas que entren dentro dos criterios establecidos no artigo 4 do presente regulamento (referido aos requisitos das persoas beneficiarias da acción social), así como o persoal do Concello de Ames que se atope en situación de xubilación e os fillos ou fillas non emancipados que convivan co/coa traballador/a.

**Artigo 36. Tramitación****1. Ás solicitudes adxuntarase:**

· Certificación expedida polo centro docente que acredite a formalización da matrícula e o curso académico. Se é o caso, presentaranse tamén xustificantes dos gastos realizados por este concepto mediante factura.

**2.- Contía da subvención por estudos**

Para os/as familiares dos /as traballadores/as:

Educación infantil, educación primaria, ESO: 100 €/persoa por ano

Formación Profesional, Bacharelato ou EOI : 150 €/persoa por ano

Universidade: 450 €/persoa por ano

Para o persoal municipal:

Subvencionarase o importe íntegro da matrícula en calquera dos niveis, ou a contía fixada no baremo para familiares se resulta economicamente máis beneficiosa.

No caso de fillos ou cónxuxes/convivintes do persoal municipal, as subvencións por estudos terán carácter único referido a cada especialidade, curso escolar ou materia solta, polo tanto, en caso de repetir curso ou materia ou de cambiar de especialidade, o/a beneficiario/a non terá dereito a obter subvención.

Cando se trate de persoal municipal, subvencionarase un máximo de dúas veces por curso escolar, materia ou cambio de especialidade.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS****DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

A contía que se destine aos distintos conceptos contidos no presente regulamento será a equivalente ás porcentaxes acordadas na Mesa Xeral de Negociación, segundo o especificado nos correspondentes orzamentos anuais do Concello.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

A contía que se reciba polos conceptos subvencionables será variable, en función do número de adxudicatarios da respectiva convocatoria e da dotación orzamentaria anual. En todo caso, a cantidade que perciba cada solicitante non poderá superar a contía de 2.000 euros, sumando todos os gastos subvencionado, salvo casos excepcionais e previo estudo por parte da Comisión de Seguimento e Interpretación e posterior aprobación por unanimidade.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA**

As axudas recollidas no presente regulamento aplicaranse actualizando anualmente, durante a súa vixencia, as súas contías conforme ás variacións que experimente o IPC.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA**

Este regulamento entrará en vigor con efectos retroactivos o 1 de novembro de 2007.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA**

A primeira modificación puntual do Regulamento do fondo de acción social e que afecta en exclusiva ao artigo 12, entrará en vigor, con efectos retroactivos, o 1 de novembro de 2017.

Ames, 4 de decembro de 2018.

O alcalde

José M. Miñones Conde

2018/9162